



nota de prensa

Veciñanza lamenta que o Goberno Municipal non sexa capaz de tramitar a cesión do Centro de Saúde á Xunta de Galicia

Esta semana varios concellos veciños culminaron esta cesión, que supón o importante aforro dos gastos de mantemento. En Cuntis seguimos agardando e asumindo uns custes que poderían adicarse a outras necesidades.

Cuntis, 18 de marzo de 2017. Esta mesma semana tiñamos noticia da cesión á Xunta de Galicia dos centros de saúde de varios concellos, como os de Silleda, Brión, Boiro e Touro. Isto supón que o Goberno Galego asume os custes de mantemento destes centros e os concellos deixan de pagar eses gastos, gañando un importante aforro nos seus orzamentos. **No caso de Cuntis seguimos agardando a que este trámite se concrete, e mentres tanto, asumimos uns custes que perfectamente se poderían estar adicando a outras necesidades.** Queda en evidencia a incapacidade do Goberno Local para sacar adiante unha xestión que non deba supoñer maiores dificultades e que suporía un considerable aforro.

Este mesmo mes de marzo cúmprese un ano dende que Veciñanza impulsara unha moción no Pleno para proceder á cesión do centro, iniciativa que fóra aprobada e que xa contaba con outras semellantes durante a lexislatura pasada. Precisamente durante o mandato anterior, o actual Alcalde Manuel Campos manifestara con rotundidade en varias ocasións a necesidade de proceder a esta cesión. Agora, no goberno, a inacción a respecto deste asunto é total e absoluta. **No último pleno ordinario, o do pasado mes de xaneiro, Veciñanza volveu preguntar polo estado da tramitación, a sabendas de que o Alcalde dese conta no seu día dun suposto extravío de certa documentación. A resposta foi que non hai novidade ningunha.**

Lamentamos a desesperante ineficacia do Goberno Municipal de Cuntis para sacar adiante trámites e xestións de gran importancia para o noso municipio. No aspecto económico, no que a miúdo se fala de limitacións, non se percibe nin a máis mínima axilidade para tratar de solventalas. **Agardamos que o antes posible poidamos sumar a Cuntis á longa listaxe de concellos que aforran os gastos de mantemento do seu centro de saúde e poden dispoñer deses cartos para adicar a outras necesidades.**

